



DIOCESE
DE LUGO

Programación Pastoral
2021-2022

Camiñando xuntos



Liñas de acción

Curso 2021-22

Camiñando xuntos

1. Ser activamente Pobo de Deus

As máis recentes propostas provenientes do noso Papa Francisco insisten nunha urxencia pastoral primeira: ser realmente un Pobo en camiño, xuntos, nunha dinámica que se describe como *comunión, participación e misión*². É dicir, realizar tamén nós hoxe o que constitúe o noso ser como Igrexa, vivilo nas nosas circunstancias, entre as nosas casas e na nosa terra.

Esta urxencia quere evitar o risco dunha dispersión que nos ameaza. Somos cristiáns e isto determina a nosa forma de vivir; pero a nosa comunidade eclesial, a nosa parroquia, a nosa Igrexa diocesana, non son lugar onde compartamos o que vivimos, onde aprendamos ou maduremos criterios e maneiras de facer, ao que pertencemos e no que queiramos estar. Ou podemos tamén ser cristiáns e permitir, con todo, que aspectos esenciais da nosa vida sigan unha lóxica que non é a da fe: en relación coa familia, co

² A proposta de itinerario para o próximo SÍNODO DOS BISPOS, co tema *Unha Igrexa sinodal: comunión, participación e misión*

diñeiro, coa responsabilidade social, etc. Ou podemos ser tamén cristiáns cunha relación viva coa nosa comunidade e parroquia, participando, «practicando» a nosa fe; e aínda así, ás veces, correndo o risco de non coñecernos, de compartir pouco, de dar unha importancia relativa á nosa «vida eclesial». E, por suposto, existen tamén aqueles que consideran a fe —quizá recibida de nenos— e á Igrexa como algo alleo á súa existencia e non gardan relación.

A primeira urxencia é, pois, reunirmos de novo, facer camiño xuntos; pero como Igrexa, como «Pobo santo de Deus». A iso convidanos a proposta do Santo Pai de facer neste curso unha experiencia de «sinodalidade»; é dicir, de camiñar unidos, escoitándonos uns a outros, tomando conciencia das nosas riquezas e compartindo as nosas preocupacións, para poder actuar máis responsablemente e orientar o camiño que facemos xuntos.

Antes mesmo do acerto na reflexión e nas propostas, o primeiro froito desta iniciativa está xa no feito deste reunirse, do noso congregarnos como Igrexa, con conciencia de estar aí coa propia responsabilidade persoal, xunto con todos os membros dela.

Esta primeira acción é decisiva: non disgregarnos, seguindo un individualismo amplamente estendido no noso mundo; senón reunirmos como cristiáns, como realidade eclesial, conscientes de que é o lugar en que se iluminan e se acompañan os camiños da vida.

Aínda que está plenamente en continuidade coa tradición das nosas casas e da nosa terra, este «volver a verse, a atoparse na propia parroquia» atopa hoxe a dificultade dunha mentalidade moi difundida que nega toda relevancia á fe cristiá e á experiencia de Igrexa, ou a proclama mesmo como algo inverosímil e falso, impropio de xente do noso tempo.

Podemos ver a importancia radical do non deixarse dispersar por estas «correntes» ideolóxicas cando lembramos que a forma que damos libremente á nosa vida depende das conviccións profundas que levamos no corazón, das opcións que aceptamos

máis ou menos criticamente como as adecuadas para guiar a nosa existencia. Aquí radica a nosa liberdade e a dignidade da nosa conciencia. Como non vai importar a nosa fe, o que cremos de corazón, a verdade que coñecemos? Non equivalería iso a negar toda importancia á propia persoa, ao que levamos dentro, ao que pensamos?

A invitación do Papa afirma claramente o contrario: importa a nosa persoa e a nosa fe, a nosa intelixencia da realidade; importa poder escoitar e falar sobre as cousas máis esenciais, sobre o que determinará as decisións máis cheas de consecuencias para nós. E por iso convidanos a un exercicio de conciencia e de memoria: lembremos que somos cristiáns, reunámonos, experimentemos de novo que estamos unidos, achegando cada un a súa palabra e a súa responsabilidade, afrontando xuntos as cuestións máis importantes, a misión da nosa vida.

2. Exercicio de sinodalidade

2.1. Ser comunidade cristiá

Quixera insistir, por iso, na proposta que nos acompaña na nosa Diocese nos últimos anos como primeira liña de acción pastoral: sexamos unha verdadeira comunidade parroquial. Non dubidemos en dar os pasos necesarios para participar nela, para facela posible e rica coa nosa presenza.

Reunámonos convocados polo Señor, acollamos o don que nos ofrece na Eucaristía: o seu sacrificio, o don da súa carne e do seu sangue, a comunión plena con El e co Pai. Somos o «pobo santo de Deus» cando acollemos a súa Palabra, ao seu Fillo Xesucristo, que nos revela o seu Amor misericordioso e nos reúne como membros do seu Corpo.

Vivamos plenamente a nosa identidade eclesial, coidando todas as súas dimensións, educativa, catequética e cultural, celebrativa, comunional, caritativa e social. Fagámolo segundo as nosas posibilidades, buscando sempre que as riquezas do Evanxeo

sigan presentes na nosa terra, entre as nosas casas e para todos os necesitados, por medio noso, da nosa presenza como Pobo de Deus. Conservaremos así a nosa fe, transmitirémola á próxima xeración, anunciarémola a todos. E manteremos viva tamén a nosa tradición máis propia, a das nosas familias e parroquias, enraizadas desde sempre na fe cristiá.

É importante que isto sexa posible tamén no mundo rural. Correspóndenos a nós atopar as formas mellores para que sigan existindo nel parroquias vivas, comunidades cristiás reais, nas que poida seguir expresándose e transmitíndose a fe, nas que se eduquen as persoas, sexa posible rezar xuntos e celebrar a Eucaristía —polo menos os domingos e festas de gardar— polos vivos e os defuntos, nas que coidemos uns doutros.

Non dubidemos nin un instante de que vale a pena reunirse, acudir xuntos aos «centros de referencia» dos nosos lugares de vida, que moitas veces serán interparroquiais. Debemos dar a prioridade a poder seguir sendo Igrexa tamén no noso mundo rural, a vivir unidos, a participar na Eucaristía dominical e en todas as actividades propias dunha parroquia, a ser cristiáns e a transmitir a nosa fe; aínda que se modifiquen así algunhas formas tradicionais ou costumes de sempre, e a pesar da posible incomodidade e estrañeza inicial de saír da contorna máis inmediata. Evitemos a disgregación, tamén xeográfica, camiñemos xuntos.

2.2. O itinerario sinodal proposto

Aproveitemos este curso para, seguindo as indicacións do Papa, facer unha experiencia sinodal, como Pobo de Deus presente en cada lugar, na nosa Diocese e no mundo enteiro. A invitación do Papa lémbra-nos que a nosa palabra, a nosa achega, haberá de ser parte —como nunha gran sinfonía— da voz da Igrexa universal.

De feito, segundo o previsto, o proceso «sinodal», tras os encontros locais, confluirá nun momento diocesano, no que poñeremos en común o traballo de todos. As achegas das Dioceses, tras un gran encontro de todas, uniránse na da nosa Conferencia episcopal.

Esta, pola súa banda, poñerá en común os resultados a nivel continental, no noso caso, europeo. E o último paso, con toda a Igrexa universal, darase en Roma, na celebración do « Sínodo dos Bispos» en 2023.

Seguindo estas indicacións do Papa, nós estamos chamados este ano a un especial exercicio de « sinodalidade», cuxas formas nos serán comunicadas desde a Santa Sé a principios de curso. Será en todo caso un momento de escoita mutua e de reflexión, de posta en común. Os froitos, ademais das posibles conclusións ás que se chegue, serán en primeiro lugar os que recollamos na nosa propia vida: o ben de non ceder a un proceso de disgregación e de soidade cada vez máis ameazante, de reunirmos e confirmarnos na verdade da fe en Deus, na esperanza da vida e na preferencia absoluta que corresponde á caridade na realización da existencia.

3. Reavivar a nosa vida eclesial

Esta iniciativa do Papa resoa particularmente na nosa situación actual marcada pola pandemia. Neste tempo puidemos comprobar que importante é o noso pertencer e vivir como Pobo de Deus, co rostro próximo das nosas parroquias e comunidades, da nosa Igrexa. Este foi moitas veces o noso recurso verdadeiro ante a soidade, ante a urxencia de deixar atrás o medo, de afrontar a dor na enfermidade e ante a morte, de dar consolo ao corazón, axudándonos a reavivar a fe no Pai bo, a esperanza da vida eterna, a certeza e a alegría que produce a caridade.

Puidemos rezar xuntos e celebrar os sacramentos, aínda que ás veces só grazas ás pantallas, cando as circunstancias sanitarias o esixían. E agradecemos o amor dos irmáns, non só como cercanía, senón tamén como coidados concretos e atención nas necesidades.

Ás veces, con todo, a nosa experiencia eclesial puido quedar curta, non podendo participar debido ás limitacións de aforo, suspendendo actividades e celebracións por prudencia ante

o virus, tendo que experimentar tamén a soidade. Foi unha situación obrigada moitas veces, que significou sen dúbida sufrimentos; e quizá algunhas veces puidemos facelo nós mesmos mellor, e debemos pedir tamén perdón.

Neste curso propoñémonos, en particular, retomar o camiño xuntos, en todas as dimensións fundamentais da nosa vida cristiá, nos xestos e accións constitutivos do noso ser comunidade eclesial, parroquia.

3.1. Celebracións sacramentais

As celebracións litúrxicas adquiriron xa un certo ritmo regular, aínda coas consabidas restricións. Todos estamos convidados á participación, en particular na celebración da Santa Misa. Sabemos que isto non será sempre posible e que a prudencia, sobre todo a persoas de risco, aconsellará ás veces seguir usando o instrumento das nosas pantallas. Cando este é o caso, non hai niso mal algún.

Pero, desde a nosa responsabilidade pastoral e coas debidas precaucións, é importante que convidemos á participación e manteñamos abertas as nosas igrexas, en particular aquelas que foron designadas como referencia nas diferentes zonas en caso de peche por risco de Covid; así como aquelas que son «centros interparroquiais» no contexto das nosas unidades pastorais.

Convén seguir este principio de pastoral litúrxica tamén para a celebración de sacramentos como bautismos, primeiras comunións, confirmación ou matrimonios. Coa prudencia necesaria, deamos pasos para facelos posibles de novo nas nosas parroquias.

3.2. Catequese

Iso implica igualmente facer posible a realización da catequese do mellor modo. A experiencia do pasado ano ensinounos moito: é posible darlle forma boa e segura, utilizando tamén os recursos da internet, xa bastante coñecidos e compartidos. Neste sentido,

poderíamos dicir que as novas tecnoloxías, nas que viven nenos e novos, ocupan xa un posto importante na nosa catequese. Acertar a usalas adecuadamente será posible coa axuda dos compañeiros e da correspondente Delegación. Pero, dun modo ou outro, procuraremos que a catequese non quede xa paralizada este ano nas nosas parroquias.

3.3. Acompañamento na enfermidade e na soidade

A experiencia da pandemia está poñendo ante os nosos ollos a enfermidade e a soidade como un reto pastoral primeiro. Podemos entender esta situación como unha verdadeira interpe-lación á nosa vida eclesial, unha chamada a que potenciemos nas parroquias a atención e a visita aos enfermos, preocupémonos das persoas que viven en soidade —sobre todo as maiores— e poden atoparse con necesidades de todo tipo.

As residencias de anciáns que se achan no noso territorio —parroquial ou de zona— pídennos igualmente atención pastoral. Como vimos nos meses pasados, a presenza do sacerdote ou doutras persoas idóneas resulta moi necesaria, aínda que tamén difícil moitas veces.

En todo caso, convén que consideremos en serio, en parroquias e arciprestados, estes desafíos, respondendo na medida das nosas posibilidades. A relación coa Delegación de pastoral da saúde, e cos capeláns de hospital, poderá ser de axuda para iso.

3.4. O esforzo da caridade

Manteñamos igualmente o esforzo de caridade que fixemos este curso pasado. As necesidades non diminuíron; moitos están hoxe en risco de pobreza ou viven xa grandes dificultades. Manteñamos o acompañamento mutuo, a atención aos máis próximos; procuremos apoiarnos uns a outros nas necesidades, ás veces non expresadas por unha certa vergoña. No tecido da vida cotiá, nada pode substituír o noso camiñar xuntos, como comunidade verdadeira.

Pero coidemos igualmente as nosas «Caritas» parroquiais e inter-parroquiais, e a relación coa diocesana. Deamos preferencia ao seu bo funcionamento, fagamos presente nas nosas celebracións e encontros a necesidade da colaboración con elas. Lembremos que dispoñemos do fondo especial SEMPRE XUNTOS, nacido nos meses de confinamento como xesto pastoral diocesano; podemos usalo e tamén seguir propoñéndoo como instrumento dedicado especificamente ás necesidades xurdidas da pandemia.

4. Ano Santo Compostelán

Como sabedes, este curso será de novo Ano Santo en Santiago de Compostela, por un privilexio papal.

A todos nos lembra que somos peregrinos; pero tamén que temos fe, que percorremos xuntos as etapas, ás veces longas e difíciles, e que estamos certos do destino; que nos esperan momentos de gozo e que a nosa meta é o «pórtico da gloria». O pecado e o sufrimento atoparon un límite na misericordia do Señor, que nos anunciou o Apóstolo, na «gran perdoanza» que proclama o *Ano Santo*, na gran caridade do «Amor dos amores», que adoramos no Altar maior da nosa Catedral.

Necesitamos experimentar a certeza do perdón, do ser acollidos no abrazo misericordioso do Pai, de que camiñamos cara ao fogar e á patria verdadeiras; necesitamos participar en primeira persoa no sacramento da reconciliación.

A iso axudaranos non esquecer nin deixar de pedir a intercesión de quen nos precede no camiño da fe. Somos peregrinos, pero como membros do Pobo de Deus, dunha tradición moi longa, humanísima e viva, animada pola graza de Deus e enraizada na nosa terra pola predicación de Santiago. Por iso, se as circunstancias o permiten, faremos este curso como Diocese un xesto de peregrinación á tumba do Apóstolo, que exprese o noso agradecemento e fidelidade ao Señor, e lle presente a nosa petición de perdón e de graza abundante na actual situación. Alí poderemos dicir: Deus axuda, e Santiago!

Pidamos, por tanto, á Santísima Virxe María, Nai da Igrexa, a súa protección materna para todo o seu Pobo, especialmente para quen sofre no corpo e na alma, para quen máis necesitan sentir o agarimo da caridade verdadeira. Que os seus «ollos grandes» non deixen de estar atentos aos que peregrinamos na Diocese de Lugo, e nos consigan a graza dunha mirada e unha caridade semellante para con todos os que nos acompañan no camiño.

Que pola súa intercesión, a de San Froilán e a de todos os nosos santos lucenses, o Señor nos bendiga neste novo curso pastoral. Que El nos conceda permanecer unidos na fe e na caridade, e ser na nosa terra familia súa, testemuñas da esperanza e a luz que o amor de Deus acende no corazón de todos os homes.

+ Alfonso, bispo de Lugo